

# ESTRATEGIAS PARA PROMOVER RELACIONES DE ACOMPAÑAMENTO BENTRATANTE BASEADAS NO NEURODESENVOLVEMENTO

## ESTRATEGIAS PARA PROMOVER RELACIONES DE ACOMPAÑAMENTO BENTRATANTE BASEADAS NO NEURODESENVOLVEMENTO



### Datas:

Do 15 de febreiro ao 29 de marzo  
(Límite para inscribirse ata o 10 de febreiro)



### Modalidade:

Mixta, formación online con 2 sesións  
presenciais en Compostela o 15 e 16 de marzo  
(formación limitada a 20 prazas)



### Docente:

Iñigo Martínez de Mandojana



### Diploma acreditativo:

25h de formación certificada



### Cota de matrícula:

Colexiadas 90€

Non colexiadas 200€



## 1.- Presentación:

Esta proposta formativa é unha aposta intensiva de reflexión, traballo e implementación dun modelo comprensivo de intervención e acompañamento a nenos, nenas e adolescentes en situación de desvantaxe social baseado no paradigma dos Bos Tratos.

É a resposta a aqueles/as traballadoras e traballadores que pretendan establecer unha vinculación terapéutica que posibilite unha reparación e rehabilitación do dano e afectación que tiveron que sufrir. En definitiva, un modelo baseado no neurodesenvolvemento que estructure guíe e sosteña o acompañamento sanador.

A formación para os e as referentes desas nenas e nenos facilitará textos, experiencias, reflexión, debates, exercicios e supervisión para activar unha posición de curiosidade, de intelixencia profesional e de moita bondade que nos leve a entender os seus "paraqués" e as súas condutas.

Ofrecemos un espazo para consensuar e crear un modelo de intervención desde os diferentes ámbitos baseado en toda a literatura científica dos últimos 20 anos que se vai concretar nunha estrutura cunha mesma linguaxe, nova mirada e mellores relacións.

A nosa proposta pasa por facer un percorrido por aquelas claves básicas do acompañamento que se poidan implementar desde o primeiro día, así como a internalización de estratexias e habilidades máis creativas, eficientes e respectuosas.

A través dos 8+1 módulos abordaranse aspectos técnicos e científicos, crearanse espazos e dinámicas para a autorreflexión e integración da experiencia profesional, así como tempos para o coñecemento e experimentación de novas técnicas de promoción de desenvolvemento en pequeno grupo. Así pois, todos aqueles aspectos abordados na formación inicial concretaranse nas necesidades e demandas concretas de cada profesional, sempre enfocados ao acollemento residencial.

## 2.- Datos básicos da formación:

**Datas:** Do 15 de febreiro ao 29 de marzo de 2025.

15 de febreiro ábrese a aula virtual

22 de febreiro **1ª sesión online** (2,5h)

15 de marzo **1ª sesión presencial** en Compostela (8h)

16 de marzo **2ª sesión presencial** en Compostela (4h)

29 de marzo **2ª sesión online** (2,5h)

**Duración do curso:** 25 horas de formación certificada, 17 horas de docencia.

**Modalidade:** Mixta, formación en liña a través da plataforma Moodle con 5 horas de docencia online divididas en dous días e dúas xornadas presenciais en Santiago de Compostela.

**Lugar:** Na sede do Ceessg

 [R/ Lisboa 20, Baixo C. Santiago de Compostela 15707](#)

**Público destinatario:** Este é un curso pensado para profesionais do ámbito socioeducativo, sociosanitario, psicopedagóxico, de servizos sociais, etc. Pero aberto a calquera persoa que poida ter interese no tema.

**Cota de matriculación:** Hai dúas posibles cotas de matrícula.

- Colexiadas e amigas do Ceessg, así como de calquera outro colexio profesional adscrito ao CGCEES: 90€
- Público en xeral: 200€

**Inscripcións:** Na páxina web do [Ceessg](#).

**Data límite inscricións:** 10 de febreiro.

### **3.- Obxectivos:**

- Proporcionar ferramentas útiles para a intervención con mozas e mozos traumatizados.
- Coñecer as novas realidades e contextos que afectan ao sufrimento e ao desenvolvemento madurativo dos mozos e mozas hoxe en día.
- Repensar a práctica socioeducativa por parte das Educadoras e Educadores Sociais.

## 4.- Contidos:

**Módulo 0:** Previos: Modelo comprensivo da intervención.

**Módulo I:** O desenvolvemento neurosecuencial.

**Módulo Presencial:** Adestramento en habilidades e técnicas da educadora social.

- Vinculación cas equipas
- Intervención en mentalización
- Xogo postraumático
- Regulación emocional
- Traballo en fortalezas

**Módulo II:** Neurobioloxía do abandono.

**Módulo III:** Teoría contemporánea do apego aplicada ao día a día.

**Módulo IV:** Habilidades para a regulación dos afectos.

**Módulo V:** Traballar desde o vínculo e a mentalización.

**Módulo VI:** Competencias básicas do Educador/a Social.

- Apego seguro
- Empatía

**Módulo VII:** Competencias avanzadas do Educador/a Social.

- Apego seguro resistente
- Sintonización con Ruído
- Consistencia esencial

## 5.- Metodoloxía

A formación está deseñada para traballar en tres fases (**máximo 20 persoas**). A proposta combina sesións online, actividades na plataforma Moodle e un encontro presencial, utilizando a metodoloxía **flipped Classroom (aula invertida)** que equilibra a aprendizaxe autónoma coa interacción directa en sesións intensivas.

## 6.- Estrutura do curso:

### 1. Fase inicial en liña

- **Plataforma Moodle:** Os participantes terán acceso a materiais en formato de vídeos breves, lecturas e actividades prácticas. Estas tarefas, realizadas de xeito individual, permitirán que cheguen ás sesións cos conceptos traballados previamente. Asignaranse exercicios prácticos que serán revisados e valorados pola equipa docente e a súa vez, habilitarase un espazo de discusión e apoio cun tempo de resposta máximo de 4 horas, favorecendo o intercambio de ideas e resolución de dúbidas en tempo real.

### 2. Fase presencial en liña

- **Sesións de videochamada:** Realizaranse dous encontros en liña de 2,5 horas cada un, de 9:30 a 12:00 (Aínda que se pode consensuar outro horario), orientados a proporcionar a estrutura técnica e o sentido reflexivo do curso. Nestas sesións é obrigatorio o uso de cámara e micro podendo ser motivo de expulsión da sesión.
- **Dinámica de aprendizaxe:**
  1. No seu tempo persoal: **Aplica, crea, reflexiona e conecta.**
  2. Nas sesións en liña: **Consolida, avalía e analiza.**

O deseño busca maximizar o aproveitamento do tempo sincrónico, centrándose en resolución de dúbidas, discusión de casos e adestramento práctico.

### 3. Fase presencial

- **Encontro en Santiago de Compostela (12 horas):** Este módulo intensivo enfocarase en estratexias avanzadas, análise de casos prácticos e soporte técnico personalizado. Esta sesión de dous días realízase entre as dúas sesións presenciais en liña.

### Metodoloxía e beneficios

- **Aprendizaxe mixto (blended learning):** Combina a autonomía do traballo persoal co acompañamento profesional en sesións grupais.
- **Practicidade desde o inicio:** desde o primeiro módulo, os participantes adestran habilidades directamente aplicables ao seu contexto profesional.
- **Ritmo flexible e adaptable:** A modalidade extensiva permite interiorizar coñecementos e habilidades de forma natural e progresiva.

- **Optimización do tempo presencial:** Ao traballar previamente os contidos, o tempo nas sesións adícase a consolidar e aplicar o aprendido.

Este enfoque garante unha formación integral, dinámica e adaptada ás necesidades prácticas dos participantes, priorizando a adquisición de competencias útiles e transferibles.

## 7.- Docente:



### Iñigo Martínez de Mandojana

Psicopedagogo, educador social y formador

Adicou máis de dúas décadas ao traballo con nenos e nenas, adolescentes e familias en especial con aquelas en situación de desvantaxe socio-emocional a través do medio aberto, no ámbito residencial e agora mesmo nun Centro de Preservación Familiar.

Especialista en Parentalidade positiva e Resiliencia, aposta sempre pola renovación e a mellora social.

É o Escritor do libro "Profesionais portadores de Oxitocina: os bos tratos profesionais".

Acompaña tanto a pais/nais como a profesionais na arte da crianza positiva e terapéutica a través de conferencias, cursos de formación, obradoiros.

